

Curso Teleformación: LÁNZATE A EMPRENDER EN COOPERATIVA

[En colaboración con: ECOBAS – Universidade de Vigo - Rede Eusumo]

DATAS REALIZACIÓN	16-30/06/2020	DURACIÓN	20 horas
HORARIO	Sesiões virtuais de aprendizaxe os martes 16, 23 e 30 de xuño de 11:00 a 12:30. Informarase do horario de atención ao alumnado pola titora.		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Plataforma de teleformación da Unión de Cooperativas Espazocoop Campus Virtual da Universidade de Vigo		
PERSOA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	881 887 456
		e-mail	Patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRSE [PREMA AQUÍ](#)

OBXECTIVOS

- Achegar o modelo cooperativo á cidadanía e en especial ás persoas desempregadas que queren coñecer a fórmula do autoemprego cooperativo.
- Mostrar desde un punto de vista práctico e achegado á realidade das persoas participantes, as condicións e pasos a dar para emprender baixo a fórmula cooperativa.
- Contribuír a que estas persoas coñezan e valoren as cooperativas e as súas achegas sociais e económicas.
- Coñecer a experiencia real dunha cooperativa en funcionamento.

PROGRAMA

- Módulo 1.- O emprendemento.
- Módulo 2.- O cooperativismo de traballo como alternativa de emprego.
- Módulo 3.- Organización e financiamento.
- Módulo 4.- Experiencia cooperativa.

CONTIDOS

Sesión inicial.- Presentación do curso, comprobar o funcionamento da plataforma e materiais e facilitar a toma de contacto entre as asistentes. Recepción das participantes, presentación do curso por parte da docente e unha dinámica de presentación de todas as participantes. Actividades prácticas, nomeadamente o test da persoa emprendedora e unha autoavaliación inicial en cooperativismo. Orientación sobre o avance nos materiais e proposta de traballo de cara a segunda sesión virtual.

Sesión intermedia.- Resolución de dúbidas e contraste dos resultados das actividades propostas pola docente. Realización de actividades e dinámicas traballando sobre os aspectos mais salientables dos contidos. Traballarase en pequenos grupos para a creación de emprendemento cooperativo de diferentes tipos (traballo asociado, servizos, consumo) e a toma de decisións en grupo e guiarase un debate conxunto no plenario.

Sesión final.- Na sesión de despedida do curso contaremos coa participación dunha persoa cooperativista para establecer un diálogo co alumnado do curso. Complementarase coa resolución de dúbidas e consultas e unha dinámica de peche e avaliación da actividade.

METODOLOXÍA

A metodoloxía é activa e participativa. Buscamos captar o interese e a atención das persoas participantes para que se vinculen na actividade e haxa unha aprendizaxe significativa. Propoñemos actividades para o traballo en grupo pequeno coñecer experiencias e boas prácticas, utilizar medios audiovisuais para enriquecer as exposicións .A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación.

DIRIXIDO A

Redes e colectivos inscritos e representativos do sector obxecto de intervención no ámbito local ou comarcal, e persoas das mesmas que actúen como nodos neste sector e/ou teñen vinculación académica e/ou profesional co mesmo.

Composición do grupo: mínimo 10 persoas e máximo 15.